

Memoria PLAMBE 2023/24

Código: 15006845	Centro: Isaac Peral
Provincia: A Coruña	Localidade: Ferrol

1. Grao de cumprimento dos obxectivos previstos para o curso 2023/24

Este curso o obxectivo principal foi: *Animar e fomentar a lectura mediante o coñecemento de diferentes contos tradicionais e actuais.*

O proxecto que se desenvolveu foi “**Cóntanos Peraliño**”, un proxecto interdisciplinar e integrador co eixe principal de axudar no desenvolvemento de todas as competencias por parte do alumnado.

Ademais algún outros obxectivos foron organizar, xestionar e desenvolver as diferentes actividades, adquirir novos fondos e a catalogación dos mesmos, dinamizar e promocionar os recursos da biblioteca, continuar coa formación de usuarios, invitar ás familias de forma voluntaria para actividades variadas como obradoiros e charlas, incluír espazos creativos para facer da biblioteca un espazo diversificado onde os alumnos e alumnas poidan desenvolver as súas potencialidades...

A maioría dos obxectivos propostos na aportación elaborada para a PXA foron acadados de xeito satisfactorio ao longo do curso.

2. Actividades realizadas.

O equipo de Biblioteca propuxo actividades variadas, secundadas todas por tódolos mestres, mestras e alumnado, ademais de ampliar o fondo de libros.





No seguinte enlace temos a presentación na páxina web da nosa biblioteca:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/taxonomy/term/79>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/thumbnails.php?album=4>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/2116>

▪ **APERTURA DA BIBLIOTECA**

O equipo de Biblioteca deseñou unhas imaxes nas que ían representados distintos personaxes habituais que saen nos contos. Esas ilustracións estaban agochadas en diversos recantos dentro do recinto escolar. Cada clase recibiu a imaxe nunha miniatura, e tiña que ir polo cole na procura do seu personaxe, ó mesmo tempo que ían descubrindo e nomeando as demais.



O día 24 de outubro, por tanto, organizáronse unhas quendas para visitar a biblioteca, lembramos as normas para o seu uso e solicitamos a colaboración de todo o mundo para poder mantela ordenada.



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/thumbnails.php?album=1042>



▪ **SAMAÍN E MAGOSTO**

Aproveitamos para traballar, entre outros aspectos: refráns, trabalinguas, rimas, poemas, e outros textos en galego, os cales xurdiron dalgúns contos e libros que ofertou o equipo da Biblioteca tanto do noso fondo de libros de sempre, coma outras novas adquisicións.



Os recursos que ofrece a páxina web do centro podedes consultalos no seguintes enlaces:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1682>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/285>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1685>

▪ **FELICITACIÓNS DE NADAL**

Nas aulas o alumnado elaborou diversidade de felicitacións de Nadal, coas que decoramos os corredores da escola.

Nos seguintes enlaces figuran as actividades feitas en Nadal, así como distintos recursos literarios:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/2055>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/2062>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/2053>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/2054>

A nivel de centro fixemos unha actividade común consistente na narración dun conto de Nadal. Empezando polos pequerrechos da escola que fixeron o título, o

conto foi pasando por tódalas aulas, nas que o alumnado ía escribindo a súa parte, continuando así a historia dos que a escribiron previamente, pasando así por todo o cole e facendo un conto entre todos e todas.

Ademais o equipo de biblioteca colgou na nosa páxina web unha suxestión de lecturas para agasallar nestas datas:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/2061>

▪ **MOCHILAS VIAXEIRAS**

Este curso seguimos coa visita das mochilas viaxeiras tanto en Infantil como en Primaria. Esta actividade tivo unha grande acollida por parte do noso alumnado.



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1981>

▪ **DÍA DA PAZ**

A biblioteca é un banco de recursos estupendo para traballar os valores e conta cunha referencia de libros que permiten traballalos na aula.

Este curso fixemos diferentes actividades: elaboración de distintos murais e a creación dun muro, decorando nas aulas cartóns de leite con palabras e debuxos da paz e que nenos e nenas confeccionaron en distintos lugares do centro.



<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/2067>



<https://view.genial.ly/657c53b3b45fd400140d017e>

▪ **ENTROIDO**

Este curso celebramos a festa do Entroido participando todo o colexio na temática dos contos e para iso cada ciclo escolleu personaxes de contos traballados nas aulas.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/2081>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/thumbnails.php?album=1048>

O venres de Entroido puidemos lucir o disfraz que fixemos na escola, durante os días previos, facendo despois un desfile no que as familias estaban convidadas. Á semana seguinte os nenos e nenas viñeron disfrazados da casa cun disfraz escollido por eles/as.



Mostramos nestas fotografías outras actividades feitas nesta conmemoración tan importante, feitas polo alumnado de Ed. Infantil.

▪ **DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO**

A proposta para este día constaba de varias actividades arredor da figura de Rosalía de Castro: Lectura, reprodución e recitado de poemas e unha elaboración de distintas actividades relacionadas con Rosalía diferenciadas para levar a cabo polos distintos ciclos.

A páxina web do centro ofrece tamén moitos recursos que podedes atopar no

seguinte enlace:


<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1977>

• O 8 M

O equipo de biblioteca fixo unha selección de libros referidos a esta temática para que os titores e titoras os traballasen nas aulas, reflexionando sobre que a igualdade debe estar integrada no noso día a día e non so nesta data concreta.

Cada clase fixo distintas dinámicas, xogos e murais para poder levar a cabo esta reflexión.

Fixemos tamén un mural con biografías de **”Mulleres que contan”**.



• DÍA DO LIBRO

As propostas este curso consistiron en varias actividades. Por un lado, o alumnado de infantil e primeiro ciclo tivo un taller de Contacontos, onde os pequeniños escoitaron unha batería de contos.

O primeiro ciclo fíxolle un “xuízo” á figura do lobo, valorando o seu papel en distintos contos.

Doutra banda, a biblioteca creou un recanto cunha cámara de vídeo fixa, para que pasaran por alí e se gravaran facendo as súas recomendacións lectoras.



Esas recomendacións lectoras, ímolas proxectar despois no monitor interactivo que temos na biblioteca para que o alumnado poida velo.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/2101>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/thumbnails.php?album=1065>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/2114>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/2113>

Doutra banda, durante esta semana tivemos a oportunidade de ler no patio, xa que escollemos algunhas lecturas e as puxemos nuns carros, situados no patio cuberto para que maiores e pequenos puideran acceder. Esta actividade iniciámola o curso anterior e tivo unha estupenda acollida.



• **LETRAS GALEGAS 2024**

A Semana das Letras Galegas do ano 2024 están dedicadas á escritora Luisa Villalta. Este curso propuxéronse diversas actividades para levar a cabo nas aulas:

Por un lado cada aula traballou a vida e obra da escritora, atendendo aos distintos niveis, e por outro todo o centro recibiu a visita do grupo Armadanzas, que en dúas quendas ensináronnos distintas cancións e bailes que todos e todas seguimos con ledicia.



Decoráronse tamén os corredores coa elaboración de distintos murais.

Doutra banda, o alumnado de 3º de Primaria recibiu a visita de “Eduardo Pondal”, que nos fixo un análise da súa figura, así como do poema do himno galego. Esta actividade estaba organizada pola Biblioteca Municipal de Ferrol.



Na nosa páxina web contamos con moitos recursos, que podedes consultar no seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/2079>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/2085>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/thumbnails.php?album=1072>

• **POEMAS ADICADOS A PERALIÑO**

Este curso tamén quixemos adaptar un espazo para ir poñendo distintos poemas traballados nas aulas de poemas escritos á nosa mascota Peraliño. Dentro da tipografía do texto da poesía, xurdiron poemas moi bonitos.





▪ FORMACIÓN DE USUARIOS

Este curso pedimos ó alumnado de 5º que axudara ao equipo de biblioteca, tanto para axudar na súa organización, como para formalos no que se refire a devolución de libros. Fixemos un equipo moi bonito:



▪ DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Este curso, tal e como estamos a explicar ao longo das actividades desenvolvidas, non traballamos a partir dunha temática concreta, senón a través de distintas tipoloxías de textos, distintos autores e autoras e distintas temáticas. Investimos grande parte do noso presuposto na adquisición de novos exemplares e démonos conta da boa acollida por parte do alumnado. Fixemos actividades motivando ó noso alumnado á lectura, talleres e confección de ilustracións a partir deses texto.

3. **Avaliación realizada**

O equipo de biblioteca realizou unha autoavaliación tanto das actividades como do propio funcionamento da mesma. Doutra banda elaboramos unha enquisa que achegamos a todo o claustro para que avaliaran se o fondo de libros é axeitado para as necesidades do alumnado, se os usuarios teñen sinxelo acceso aos recursos da biblioteca e se o fondo de libros é un recurso útil para o desenvolvemento dos proxectos de aula.

Os resultados desta avaliación foron satisfactorios mais teremos en conta algunhas suxerencias aportadas nesa e na nosa autoavaliación de cara ao curso que ven.

O uso da biblioteca así como o desenvolvemento do proxecto en liñas xerais foi positivo.



4. Previsións de futuro

O equipo de biblioteca ten como obxectivo para o próximo curso mellorar o seu funcionamento, contando co apoio de voluntarios e voluntarias.

En canto ao proxecto de biblioteca, marcámonos como obxectivo programar actividades flexibles, facilmente adaptables aos diferentes niveis, atractivas e motivadoras para o alumnado e o profesorado, co fin de desenvolver actividades o máis significativas posibles en coordinación con outros equipos.

Continuaremos coas actividades que son valoradas e dan moi bos resultados:

- Fomento da lectura en familia: mochila viaxeira e outras mochilas dinamizadoras.

- Hora de ler como impulsora do desenvolvemento da lectura e da mellora das competencias. Faremos lecturas individuais, colectivas, por parellas, por parte do mestre/a...

- Lectura na rede: seguir mantendo as liñas de actuación de cursos pasados (lecturas online).

- Encontros con escritores e persoas relevantes da cultura.

- Presentación por parte do equipo da biblioteca das novidades adquiridas para o bo desenvolvemento do proxecto e outras lecturas.

- Actividades lúdicas e creativas: xogos de rimas, adiviñas, obradoiros...

- Recomendación do libro favorito por parte dos mestres/as e alumnado.

- Apadriñamentos lectores.

Lecturas compartidas e outras actividades interniveis.

Intentaremos promocionar os recursos da biblioteca, entendendo a biblioteca de centro como motor de propostas e espazo dinamizador para conseguir unha alfabetización múltiple, incluíndo ademais a participación das familias.